

ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA CASA DAS ASOCIACIÓNS DE BENESTAR SOCIAL

PREÁMBULO

O Tratado de Niza, no ano 2000, recoñeceu por primeira vez, o concepto de sociedade civil organizada, importante paso que se veu complementado co artigo 47 do Tratado Constitucional europeo, que lle da unha base legal ó diálogo civil estruturado, e que lexitima este. Así a Constitución Europea no seu artigo 1-47 establece o principio de democracia participativa:

1.-As Institucións darán ós/ás cidadáns/ás e as asociacións representativas polas canles apropiadas, a posibilidade de expresar e intercambiar publicamente as súas opinións en todos os ámbitos de actuación da Unión.

2.- As institucións manterán un diálogo aberto, transparente e regular coas asociacións representativas da sociedade civil.

No Estado español, a Constitución de 1978, no seu artigo 23 recoñece sen ambigüidades o dereito de tódolos cidadáns/ás a participar nos asuntos públicos directamente ou, por medio dos seus representantes, e, nos seus artigos 9 e 48 establece que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Así mesmo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local permite ao Municipio, promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo competencias, entre outras, en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social (art. 25.2.k). Coa mesma dicción, pronuncíase a Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

No ámbito autonómico, en exercicio da competencia exclusiva da Comunidade Autónoma Galega, en materia de asistencia social (art. 27 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía), a Lei

4/1993, de 14 de abril, de Servizos Sociais, partindo dos principios de responsabilidade pública e recoñecemento e apoio da iniciativa social (art. 3º.1 e 2), prevé a participación de entidades prestadoras de servizos sociais (art. 32) e atribúea aos entes locais a competencia da colaboración no fomento dos servizos sociais de carácter local prestados por estas entidades de iniciativa social (art. 21.1.c), así como a coordinación cos servizos que incidan no benestar, mesmo cos da iniciativa privada, evitando no posible a duplicidade e infrautilización do equipamento social (art. 25).

En atención ao anterior, e dando cumprimento ao disposto no Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Santiago de Compostela, aprobado polo Pleno, o día 4 de decembro de 1998, sempre en concordancia co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en aplicación do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais e consonte a propia Lei 4/93 de Servizos Sociais de Galicia, a Concellaría de Benestar Social propón á Comisión informativa da área social, e ó Pleno do Concello de Santiago, unha normativa particular para artellar o funcionamento, composición e outras especificacións, da Casa de Asociacións de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela.

TITULO I NATUREZA E OBXECTO

ARTIGO 1.- NATUREZA

A Casa das Asociacións de Benestar Social de Santiago de Compostela (CABISS) configúrase como un centro municipal de xestión directa, dependente da Concellaría de Benestar Social como un equipamento de proximidade que proporcione os recursos e servizos necesarios para impulsar a participación social, fomentar o asociacionismo e a coordinación interasociativa, co fin de acadar un maior nivel de benestar social.

Ten en todo caso a Casa das Asociacións de Benestar Social, a condición de dependencia pública, adscrita ó Concello de Santiago de Compostela, para o cumprimento dos seus obxectivos, sen que isto xere ningún dereito a favor dos/ as usuarios/as.

ARTIGO 2.- OBXECTIVOS

O Centro ofrece servizos e recursos municipais compartidos no ámbito do Benestar Social encamiñados a:

1. Fomentar o asociacionismo e a participación cidadá real e efectiva.
2. Impulsar e mellorar o tecido asociativo da cidade, facilitando a xestión e o funcionamento cotiá, así como a calidade dos servizos que prestan as asociacións de benestar social, mediante o apoio técnico, e colaboración.
3. Posibilitar o desenvolvemento de ferramentas comúns ao tecido asociativo: web, rede de asociacións.
4. Dinamizar e impulsar o movemento asociativo facilitando servizos de asesoramento e programas de formación.
5. Dotar ao asociacionismo dun espazo común que favoreza o desenvolvemento dos seus programas, o encontro e contacto entre as asociacións, e a organización de actividades interasociativas.
6. Consolidar un espazo físico concreto, plural, aberto e dinámico, referente de participación e acción social.
7. Coñecer de primeira man as necesidades das asociacións, así como a natureza das súas actividades, funcionamento, e fomentar as relacións entre asociacións, colectivos e o Concello.
8. Promover un modelo de cooperación interasociativa respectuoso coa identidade das organizacións, que contribúa a que estas desenvolvan as actuacións dirixidas aos seus destinatarios/as e á cidadanía en xeral, de xeito integral, integrado, e en coordinación permanente.
9. Agrupar ás entidades de acción social do ámbito Compostela, para levar a cabo accións coordinadas de sensibilización social.
10. Desenvolver accións conxuntas de atención integral a colectivos específicos.
11. Compartir medios técnicos e metodolóxicos de intervención para prestar un servizo integral e eficiente á cidadanía.

ARTIGO 3. - SEDE

A Casa das Asociacións de Benestar Social é un centro polivalente e integrador, situado na Rúa Ramón María-Salgueiriños, en Santiago de Compostela.

TÍTULO II DOS/AS USUARIOS/AS

ARTIGO 4.- ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES

1.- Serán entidades ou asociacións usuarias, aquelas que accedan ó uso da Casa en virtude de autorización que así o determine outorgada polo órgano municipal competente para establecer a súa sede na Casa das Asociacións de Benestar Social, de conformidade coas normas deste regulamento, e bases de convocatoria establecidas ao efecto.

2.- Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, as Asociacións ou Entidades usuarias deberán cumprir os seguintes requisitos:

* Estar constituída legalmente.

* Non ter ánimo de lucro.

* Que os estatutos de constitución da Asociación sexan acordes cos obxectivos da Casa.

* Que as actividades a desenvolver pola entidade teña fundamentalmente por beneficiario/as aos cidadáns e cidadás de Santiago de Compostela.

* Será requisito estar inscrito no Rexistro Municipal de Asociacións ou Rexistro correspondente, cunha antelación mínima dun ano.

* Aceptar as condicións de uso das dependencias e normas da Casa das Asociacións de Benestar Social.

ARTIGO 5.- INSTITUCIÓNS

Poderán así mesmo, facer uso das instalacións e servizos da CABISS as Institucións públicas ou privadas, e colectivos sen ánimo de lucro, para desenvolver actividades complementarias ás da Casa.

TÍTULO III INSTALACIÓNS E SERVIZOS

ARTIGO 6.- CONSERVACIÓN E MANTEMENTO

1. Corresponde só ó Concello de Santiago de Compostela a tutela total do edificio, como propietario que é do mesmo, non podendo as asociacións usuarias facer obra algunha nas dependencias cuxo uso lles foi autorizado, nin no resto do edificio.

2. O Concello de Santiago de Compostela farase cargo dos custos de mantemento que se deriven do paso do tempo, e do uso axeitado das instalacións, mentres que os que deriven de negligencia ou mal uso das mesmas, recaerán nas asociacións usuarias en conformidade coa súa responsabilidade, respondendo estas, en todo caso, solidariamente ante este tipo de accións cometidas por calquera dos seus membros ou persoas vinculadas a eles por calquera tipo de relación.

3. A Dirección, como persoal municipal da Concellería de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela poderá acceder ás instalacións, incluídos os espazos cuxo uso houbese sido autorizado ás asociacións, ó obxecto de efectuar un seguimento da súa utilización e do estado dos espazos; para garantir que os mesmos sexan os axeitados, de conformidade coa autorización de uso.

ARTIGO 7.- INSTALACIÓNS

1.- O establecemento do horario da Casa, así como calquera modificación que afecte ao mesmo, será aprobado polo órgano municipal competente.

2.- O uso das instalacións e bens municipais polas entidades, supeditarase ás normas regulamentarias, e sempre en condicións de igualdade.

3.- O edificio que alberga a Casa das Asociacións conta cos seguintes espazos:
Despachos para o persoal municipal que preste os seus servizos na casa das Asociacións.

* Despachos para as asociacións e entidades usuarias para o desenvolvemento das súas actividades.

* Despachos para a atención ó público.

- * Salón de actos.
- * Biblioteca.
- * Salas de traballo, obradoiros e xuntanzas.
- * Salas de terapia.
- * Ximnasio.

ARTIGO 8.- SERVIZOS:

1.- Estableceranse con carácter estábel, e poderanse prestar en función das necesidades detectadas e os recursos existentes, entre outros os seguintes servizos:

1. Cesión de espazos e recursos
2. Estabelecemento de sede social
3. Fondo documental.
4. Facilitar o acceso ó sistema WIFI ou sistema análogo.
5. Servizo de Información e Asesoramento.
6. Servizo de Comunicación e Sensibilización Social.
7. Apoio á Xestión de entidades.
8. Calquera outro/a relacionado cos seus obxectivos.

2.- Poderase establecerse ou prestar servizos dende a Casa, de conformidade cos obxectivos da mesma, tanto de carácter temporal como continuado.

3.- Para a prestación destes servizos, o Concello de Santiago de Compostela poderá formalizar, a través de calquera outra forma xurídica establecida na Lei, a colaboración de entidades públicas ou outras entidades sen ánimo de lucro.

ARTIGO 9.- ACTIVIDADES E PROGRAMAS:

1.- Serán as programadas polo propio Centro, e aquelas realizadas polas asociacións e entidades usuarias, previa cesión do espazo correspondente, de conformidade coas bases que a tal efecto se establezan.

2.- En xeral, e a través da Casa, pretendese canalizar e organizar calquera demanda formativa e informativa dos/as usuarios/as en xeral, e das organizacións en particular.

3.- A participación en calquera programa ou actividade realizarase a través dos medios que se establezan para cada caso.

4.- Actividades:

4.1.- Actividades formativas: seminarios, cursos, obradoiros... dirixidos basicamente a responsables de organizacións, coordinadores de programas, profesionais....

4.2.- Actividades informativas: a Casa das Asociacións será espazo de celebración das distintas accións informativas e/ou de difusión que se promovan desde o Concello de Santiago de Compostela, tales como charlas, xornadas, sesións informativas monográficas, relatorios, en relación a calquera temática de interese.

4.3.- Actividades de promoción social.

4.4.- Actividades de prevención.

4.5.- Actividades de inserción social.

TÍTULO IV.- DO EMPREGO DAS INSTALACIÓNS E SERVIZOS.

ARTIGO 10.- NORMAS DE CARÁCTER XERAL RELATIVAS AO USO DE ESPAZOS E RECURSOS

1. Estas normas serán de aplicación para as institucións, entidades, asociacións e usuarios e usuarias da Casa de Asociacións.
2. Ao abeiro da Lei 28/2005 de Medidas Sanitarias fronte ó Tabaquismo, e reguladora da venda, ou subministro, ou consumo e publicidade dos produtos de tabaco, non se poderá fumar dentro da Casa, nin consumir alcohol nin drogas.
3. As asociacións ou entidades non poderán utilizar o espazo cedido para uso distinto do autorizado.
4. Tampouco se permitirá o acceso de animais, sen prexuízo do que puidera dispoñer a lexislación vixente para os cans-guía.
5. Os estragos causados, as limpezaas extraordinarias requiridas, ou os gastos ocasionados polo uso abusivo dos recursos da Casa, ben sexa por negligencia, mal uso, abuso ou incumprimento das normas estaelecidas, deberán ser aboados por quen solicitou o espazo ou recurso.
6. O incumprimento das responsabilidades asumidas có Concello, poderán dar lugar a exclusión do uso das instalacións ou de participación das actividades, así como á esixencia de responsabilidade polos danos que se causaren. Asemade terase en conta na valoración de posteriores solicitudes.
7. A utilización dos equipos informáticos estará sometido ás seguintes normas:
 - a. Non se permitirá o acceso a páxinas cuxo contido sexa contrario ós principios establecidos na Constitución.
 - b. Non se permitirán descargas de software en ningún caso, nin de arquivos de contido ilegal.
 - c. Non estarán autorizadas as páxinas de pago, nin o envío de mensaxes a móbiles.
 - d. Non estará permitida a utilización de xogos.

e. Os/As usuarios/as son responsables do contido das informacións ás que accedan, estando obrigado/as a respectar en todo caso, a lexislación vixente en materia de Propiedade Intelectual.

f. A Casa reservarse o dereito de denegar ou interromper o acceso daqueles usuario/as que utilicen o servizo inadecuadamente.

8. As demais obrigas recollidas no artigo 92.º da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, ou norma que a substitúa.

ARTIGO 11.- NORMAS RELATIVAS Á CESIÓN DE ESPAZOS E RECURSOS A ENTIDADES OU ASOCIACIÓNS USUARIAS

1.- Establécense as seguintes modalidades para a cesión de uso de espazos e de participación, nos recursos que se presten desde a Casa das Asociacións, en atención á finalidade que se persiga:

- a) Estabelecemento de sede social.
- b) Solicitud de espazo para a súa utilización como arquivo.
- c) Participación en programas de formación e actividades que se programen pola CABISS
- d) Utilización das dependencias para o desenvolvemento de actividades, xuntanzas, ou servizos de asesoría, segundo proxecto previo que se presente, e sempre que estean dirixidas á cidadanía
- e) Utilización de espazos para desenvolver servizos de atención ás persoas socias.

2.- Para cada unha das modalidades polas que se solicite a cesión, terase que presentar a correspondente solicitude; a concesión de autorización para cada unha delas, terá os seus propios criterios de valoración, en atención ó obxecto mesmo da petición e ás características especiais de cada unha das modalidades, isto é: dispoñibilidade, compatibilidade horaria e demanda prevista.

3.- O desenvolvemento do procedemento de solicitude, de cada unha das modalidades de cesión, determinarase conforme o establecido nas bases de convocatoria publicada ó efecto.

4.- Sen prexuízo de que se poidan establecer novas modalidades de uso, que se acorde crear polo órgano competente en atención ás necesidades que poidan xurdir trala posta en marcha da CABISS, determinándose nas bases da convocatoria que se faga pública ó efecto, o procedemento e requisitos que rexerán as mesmas.

Normas xerais aplicables a todas as modalidades:

5.- Os espazos de uso colectivo e o equipamento existente na Casa, poderán ser utilizados polo/as usuario/as, para o desenvolvemento das propias actividades.

6.- Estes espazos non poderán ser cedidos para un uso exclusivo ou restrinxido de xeito permanente.

7.- En todo caso, a concesión das autorizacións de uso por cada unha das diferentes modalidades, estarán supeditadas á dispoñibilidade de espazo e tempo.

8.- Para poder facer uso dos espazos e recursos da Casa por primeira vez, e antes da realización da reserva correspondente, a Asociación, colectivo ou persoa que desexe facer uso dos recursos e, no seu nome un/ha representante, terá que cumprimentar debidamente unha ficha de usuario/a que conterá datos persoais do/a representante, os seus datos de contacto, e no seu caso, datos relativos á Asociación ou colectivo o que representen. Esta ficha entregárase no Centro.

9.- Para cesión dos espazos e recursos, teranse en conta a dispoñibilidade de horarios, o tipo de actividade a realizar, por canto que o uso solicitado terá que ser compatible co resto de actividades.

10.- A duración da autorización de uso previse por un ano, prorrogable por acordo expreso por períodos anuais e ata un prazo máximo de catro anos; extremo que fixará a resolución do órgano competente para a súa concesión. Transcorrido o prazo fixado e as súas prórrogas, a Concellería de Benestar Social estudará, segundo as necesidades, a posibilidade de outorgar unha nova autorización.

11.- As cesións poderán ser tanto de carácter puntual coma para usos continuados. As cesións que precisen prazos de máis dun mes, ou que expoñan determinada continuidade de carácter estable, serán resoltas individualmente.

12.- Poderán suspenderse temporalmente as cesións, en calquera das modalidades que se contemplan, nos casos nos que sexa imprescindible o seu uso para o desenvolvemento de actividades municipais

Competencias atribuídas ás entidades ou asociacións usuarias

13.- As asociacións e entidades usuarias da Casa das Asociacións, desenvolverán nesta as actividades de benestar social que lles sexan propias, sen outro límite que o imposto pola lexislación vixente e as normas de uso, que se describen nesta ordenanza e bases reguladoras, establecidas ó efecto.

14.- A Concellería de Benestar Social, mediante este recurso, soamente facilitará a utilización de espazos ás entidades usuarias. En ningún caso se fará responsable das actividades que estas desenvolvan, tanto dentro como fora da Casa das Asociacións de Benestar Social.

15.- Non se permitirá o uso das dependencias a persoas ou entidades distintas á entidade titular da autorización, nin que se desenvolva actividade algunha que non fora organizada, promovida e desenvolvida baixo a supervisión e responsabilidade dos órganos directivos da propia entidade e da Dirección da Casa, se así se convén.

16.- A Dirección da Casa asignará espazos concretos a cada unha das asociacións ou entidades con convenio para empregalos como sede social.

A cada entidade seralle facilitada unha chave do espazo que use. Estas chaves devolveranse á Dirección da Casa cando termine o período de autorización de uso do espazo. Asemade notificarase á Dirección, as copias que se fagan das chaves.

Requisitos

17.- As asociacións e entidades interesadas en utilizar espazos da Casa de Asociacións, deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 4 do presente Regulamento, ademais dos establecidos nas bases de convocatoria publicada ó efecto.

Obrigas

18.- As entidades usuarias estarán obrigadas a:

- a) Designar un/unha representante para formar parte da Comisión de Traballo que estableza a Dirección da Casa, para garantir o seu axeitado uso e rendibilidade social.
- b) Cumprir o presente Regulamento e normas que ó efecto se establezan.
- c) Observar as normas de boa convivencia. En xeral evitarán calquera molestia ou prexuízo ó resto dos/as usuarios/as da Casa.
- d) Comunicar á Dirección da Casa calquera eventualidade que poida dificultar o seu bo funcionamento.

19.- As asociacións ou entidades usuarias non poderán alugar nin ceder baixo ningún concepto o espazo que ocupan. Tampouco poderán empregalo con ánimo de lucro.

20.- As entidades non poderán facer obras, modificar nin transformar os espazos concedidos, e velarán polo correcto mantemento e a presenza axeitada do mesmo. Entregarán ás dependencias, ó finalizar o período de autorización de uso, nas mesmas condicións nas que se lles foi cedido.

21.- As entidades que resulten beneficiadas da autorización para o uso das dependencias da Casa das Asociacións, estarán obrigadas a aceptar e cumprir as obrigas e condicións de uso establecidas nas bases da convocatoria, na presente Ordenanza Reguladora do uso da Casa das Asociacións, así como calquera outra obriga ou condición que poida establecerse na resolución de outorgamento de autorización.

22.- As ademais obrigas recollidas na normativa relativa ó patrimonio das Administracións Públicas e norma que a substitúa.

ARTIGO 12.- NORMAS RELATIVAS Ó USO DE ESPAZOS E RECURSOS POR PARTE DE ASOCIACIÓNS, INSTITUCIÓNS E ENTIDADES

1.- As asociacións, institucións, entidades sen sede na Casa de Asociacións poderán solicitar a utilización dos espazos comúns da Casa para realizar actividades puntuais, quedando excluídas as de carácter mercantil ou político.

- 2.- A petición do uso de espazos e recursos farase por escrito, mediante solicitude establecida ó efecto, indicando, para a súa reserva, o nome da Asociación ou colectivo que fará uso dos servizos, os datos persoais de quen o solicita, a actividade a realizar, a data de celebración, o número previsto de persoas que acudirán, o horario, así como o tempo durante o cal se ten previsto o uso e, o tempo previsto para a súa organización, así como os espazos preferentes de uso. Así mesmo, indicárase na solicitude calquera outro recurso existente na Casa que se desexa reservar.
- 3.- En calquera momento desde a Dirección da Casa poderase requirir aos solicitantes calquera outra información sobre a actividade a desenvolver.
- 4.- A solicitude de calquera espazo ou recurso, realízase polo menos, cunha semana mínima de antelación á data prevista para o mesmo. Asemade non se reservarán, con carácter xeral, espazos comúns e recursos cunha antelación superior a tres meses.
- 5.- Para a cesión, terase en conta a dispoñibilidade de horarios, así como o tipo de actividade a realizar, xa que o uso solicitado terá que ser compatible co resto de actividades que se desenvolvan no mesmo horario.
- 6.- As peticións que se realicen terán que esperar á elaboración do calendario de actividades trimestrais a desenvolver na Casa, ben por esta, como polas programadas polas Asociacións con sede.
- 7.- A Dirección da Casa aprobará ou denegará, á maior brevidade posible e por rigoroso orde de entrada, as solicitudes, sempre que se entenda que a actividade proposta é afín aos obxectivos da Casa das Asociacións, existan espazos libres, e baixo o compromiso da entidade beneficiaria de cumprir coas normas deste regulamento.
- 8.- Os espazos cedidos quedarán, unha vez finalizada a actividade, recollido e ordenado para o seu uso posterior por outra entidade sendo responsable a entidade solicitante.
- 9.- A cesión será de carácter temporal e puntual, coa duración que se determine na resolución.
- 10.- Poderán suspenderse temporalmente as cesións nos casos nos que sexa imprescindible o seu uso para o desenvolvemento de actividades municipais.

11.- Ofrecese ás asociacións, entidades usuarias e institucións que non dispoñan de local, a posibilidade de establecer o domicilio social na CABSS, así como dun casilleiro para a recepción do correo. A petición de domicilio social realizarase a través dunha solicitude segundo modelo que se estableza ó efecto, a través do rexistro municipal, resolvéndose en atención á dispoñibilidade e obxectivos da Casa.

TITULO V ORGANIZACIÓN

ARTÍGO 13.- ORGANIZACIÓN

A Casa das Asociacións de Benestar Social, é un centro que depende funcional e organizativamente da Concellería de Benestar Social.

ARTIGO 14.- DIRECCIÓN

1.- O/a Director/a é a persoa responsable do funcionamento da Casa de Asociacións de Benestar Social, séndolle de aplicación as responsabilidades xerais das xefaturas do seu nivel, e encargándose da dirección e da coordinación dos servizos que nela se presten.

2.- Funcións:

* Dirixir o Centro, organizando, coordinando e supervisando os servizos e actividades do mesmo.

* Elaborar a proposta anual de planificación e orzamento.

* Presentar anualmente unha memoria da actividade desenvolvida.

* Asegurar a axeitada prestación dos servizos do Centro, cos recursos asignados ó mesmo.

* Fomentar a dinamización da Casa a través do uso de espazos comúns, coordinando e facilitando a realización das actividades propostas polas asociacións.

- * Xestionar e informar as solicitudes de uso de espazos comúns, ás organizacións tanto usuarias como externas á Casa, distribuíndo en tempos e espazos a utilización dos mesmos.
- * Canalizar as consultas e peticións das entidades usuarias, facilitarlles información e, cando sexa da súa competencia, atender as demandas.
- * Garantir o axeitado uso dos espazos e recursos técnicos postos a disposición das entidades.
- * Velar polo correcto funcionamento, conservación e seguridade da Casa das Asociacións de Benestar Social.
- * Velar pola boa marcha da Casa e resolver as situacións cotiás que se produzan.
- * Aquelas outras que lle corresponden en función do seu cargo.

ARTIGO 15.- ORGANOS DE PARTICIPACIÓN

1.- Comisión de Coordinación

1.1.- Estará constituído por:

- * O/a Concelleiro/a delegado/a de Benestar Social, que exercerá de presidente/a da Comisión por delegación do Alcalde-Presidente do Concello.
- * O/a Xefe de Servizo da Área de Benestar Social.
- * O/a Xefe de Sección de Servizos Sociais.
- * O/a director/a da Casa das Asociacións de Benestar Social
- * Seis representantes elixido/as polo Consello Municipal de Benestar Social.
- * Tres representantes elixidos polas asociacións ou entidades con sede social na Casa.

* Dúas persoas, das institucións ou organismos colaboradores, de recoñecido prestixio no ámbito social.

* Actuará como secretario/a, o persoal da Concellería de Benestar Social que se designe ó efecto.

1.2.- Funcións:

* Análise da programación de actividades, orzamento e memoria anual da actividade desenvolvida pola Casa das Asociacións.

* Seguimento sobre o funcionamento da Casa.

* Elaboración de propostas para rendibilizar o uso da casa, servizos e programación que se consideren de interese.

1.3.- Os membros da devandita Comisión se designarán por un período de dous anos.

Esta Comisión reunirse sempre que se considere oportuno por parte da Dirección, Concellería de Benestar Social ou que o solicite un 1/3 dos/as representantes das asociacións ou entidades usuarias que formen parte de dita Comisión.

2.- Comisións de traballo

* Poderanse constituír cantas comisións de traballo se consideren necesarias para o mellor funcionamento da Casa.

* A Dirección decidirá a constitución das comisións de traballo, trala proposta formulada por unha ou varias entidades, con carácter temporal ou permanente, segundo os intereses e necesidades dos colectivos.

* As comisións de traballo elaboraran estudos e propostas de actuación respecto das materias a tratar, que serán elevados á Comisión de Coordinación da Casa, á Dirección ou o/a Concelleiro/a delegado/a de Benestar Social.

* O réxime das xuntanzas das comisións de traballo, dada a súa especificidade, será flexible e axeitado á urxencia de cada tema.

* Acordada a creación dunha comisión e, constituída esta, procederase á elección pola mesma dun/dunha coordinador/a que o preside.

TÍTULO VI DEREITOS E OBRIGAS DOS/AS USUARIOS/AS

ARTIGO 16.- DEREITOS

Son **dereitos** dos/as usuarios/as da Casa das Asociacións de Benestar Social:

1. Empregar as instalacións e servizos da Casa, respectando as condicións e normas de utilización establecidas.
2. Ser informado/as das normas de uso da Casa.
3. Ser informado/as e asesorado/as sobre os recursos existentes para afrontar as súas necesidades.
4. Participar nas actividades que se programen na Casa.
5. Ser respectadas as súas conviccións cívicas, políticas, morais e relixiosas.
6. Presentar todas aquelas reclamacións e suxestións que consideren oportunas relativas ó funcionamento da Casa e ter resposta ás mesmas.

ARTIGO 17.- OBRIGAS

Son **obrigas** dos/as usuarios/as da CABISS as seguintes:

1. Aquelas entidades que desexen facer un uso puntual e determinado, dos espazos e medios comúns da Casa, deberán presentar solicitude a tal fin, mediante o modelo e procedemento establecido ó efecto para esta modalidade
2. Empregar as instalacións e recursos da Casa para celebrar as actividades que sexan propias do obxecto da asociación, sen outro límite que o imposto pola lexislación vixente e as normas de uso.

3. Respetar e facer un correcto uso das instalacións e o material de que poida dispoñer na Casa.
4. Respetar as crenzas cívicas, políticas e relixiosas de cantas persoas se atopen na Casa.
5. Gardar as normas básicas de convivencia. En xeral evitar calquera molestia ou prexuízo ao resto dos/as usuarios/as.
6. Colaborar no correcto desenvolvemento das actividades que poidan ter lugar na Casa.
7. Comunicar ó/á responsable da Casa, calquera eventualidade que poida dificultar seu bo funcionamento.
8. Proporcionar os datos e opinións cando sexan solicitados respecto a cantas cuestións poidan aportar melloras nas instalacións ou funcionamento da Casa das Asociacións, de determinados sectores de actividade, etc.
9. Cumprir coas condicións establecidas no convenio formalizado ao respecto, no caso de entidades usuarias.
10. Respetar, conservar e manter as instalacións e medios materiais do Centro.
11. Colaborar na prestación dos servizos inter-asociativos, e no desenvolvemento das actividades do Centro.
12. Nomear a unha persoa que represente de xeito continuado á organización, no grupo de entidades usuarias.
13. Comunicar á dirección calquera eventualidade que poida afectar a prestación dos servizos ou poida afectar ao correcto funcionamento da casa.

TÍTULO VII.- RÉXIME DISCIPLINARIO

ARTIGO 18.- INCUMPRIMENTOS

- 1.- No caso de incumprimento do estipulado no artigo anterior, poderase proceder ó exercicio da potestade sancionadora por parte do órgano municipal competente, que requirirá a incoación e instrución do correspondente expediente administrativo, de acordo cos principios establecidos na Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, e a Lei 7/85 de bases de réxime local, e demais normativa concordante, e que prevé que o acto de resolución que se dite no

procedemento sancionador, poderá ser obxecto daqueles recursos e reclamacións independentes conforme as formalidades e requisitos legais que se establecen ó efecto.

2.- Perderán a condición de entidades usuarias por:

- * Solicitud de la propia entidad.
- * Disolución de la entidad.
- * Incumplimiento de convenio.
- * Como resultado de la incoación de un expediente sancionador.

3.- Sen prexuízo do anterior, e para o caso de que a situación revista especial gravidade, a Dirección do Centro poderá adoptar as medidas cautelares que sexan precisas, incluída a prohibición de uso en tanto non resolva o órgano municipal competente, dando conta de xeito inmediato destes extremos ao mesmo.

ARTIGO 19.- RÉXIME DISCIPLINARIO

1.- As entidades ou persoas usuarias serán responsables dos danos e prexuízos que, por acción ou omisión causen nas instalacións do Centro, das alteracións da orde que produzan no mesmo, do impedimento ao normal desenvolvemento das actividades, das faltas ao réxime de convivencia, e das faltas de respecto ás demais entidades ou persoas usuarias e traballadores.

2.- Sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal en que poidan incorrer por tales actos ou omisións, que poderá existirse perante as instancias xudiciais correspondentes, a responsabilidade derivada da condición de entidade ou persoa usuaria do Centro, farase efectiva de conformidade co previsto nos seguintes artigos

ARTIGO 20.- FALTAS

As faltas nas que pola súa condición, poidan incorrer as asociacións ou persoas usuarias da Casa das Asociacións poden ser:

- a. Leves.
- b. Graves

c. Moi graves.

1.- Son faltas leves:

- a) A simple falta de respecto aos demais, manifestada en incorrección de trato, actitudes ou palabras desconsideradas.
- b) Non colaborar nas actividades do Centro ou perturbar o seu desenvolvemento.
- c) Utilizar de forma non axeitada as instalacións ou medios do Centro.

2.- Son faltas graves:

- a) Alterar as normas de convivencia e respecto mutuo, creando situacións de malestar no Centro.
- b) O entorpecemento sistemático e intencionado das actividades do Centro.
- c) A produción de danos, intencionadamente ou por negligencia inescusable nos bens, instalacións e servizos do Centro.
- d) Realizar actividades con fins lucrativos.
- e) A reiteración na comisión de faltas leves.

3.- Son faltas moi graves:

- a) A perturbación relevante da convivencia que afecte de xeito grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos de outras persoas ou entidades usuarias.
- b) O impedimento, ou a grave e relevante obstrución, ao normal funcionamento das actividades do Centro.
- c) O impedimento de uso do Centro a outras persoas con dereito á súa utilización.
- d) A produción de danos graves e relevantes de equipamentos, instalacións e bens do Centro.

e) Reiteración na comisión de faltas graves.

ARTIGO 21.- SANCIÓN

1.- As sancións que se poderán impor ás entidades ou persoas usuarias do Centro que incorran nalgunha das faltas mencionadas no artigo anterior, serán as seguintes:

1) Por faltas leves:

- a. Amoestación verbal.
- b. Amoestación por escrito.

2) Por faltas graves:

- a. Suspensión dos dereitos de uso por un período de tempo non superior a 6 meses.

3) Por faltas moi graves:

- a. Suspensión dos dereitos de uso por un período de tempo entre 6 e 24 meses.
- b. Perda definitiva do dereito á utilización do centro.

2.- As sancións por faltas leves serán impostas pola Dirección do Centro, previa audiencia do/a presunto/a responsable.

3.- As sancións por faltas graves o moi graves, serán impostas polo órgano municipal competente.

En todo caso no relativo ó procedemento sancionador será de aplicación o título XI da Lei de Bases de Réxime Local 7/85, Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora 1398/93 e normativa que resulte de aplicación

DISPOSICIÓN

PRIMEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte da súa publicación, sempre que transcorra o prazo establecido no artigo 49, en relación co establecido no artigo 65 Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e, normativa que resulte de aplicación.

SEGUNDA

O Concelleiro ou Concelleira de Benestar social queda facultado/a para ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a axeitada interpretación e aplicación deste Regulamento.